

Verán Cultural de Salvaterra

Páxina II

Servizo gratuito de bicicletas de paseo en Salvaterra de Miño

Páxina III

Rutas de Artes e Oficios en Tomiño

Páxina XII

Verán Cultural de Tui

Páxina XIV

XXIII Travesía a Nado Porto da Guarda

Páxina XVI

O Proxecto Matdance en Ponteareas

Páxinas XVIII e XIX

Ana Moura em Cerveira

Páxina XX



Retomados, logo de 20 anos, os traballos no xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño

Páxina XI

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra presenta o seu verán cultural

Marta Valcárcel Gómez, 1ª Tte de Alcalde e Concelleira de Cultura ven de presentar a programación que ofrece o Concello de Salvaterra ao seus veciños e veciñas para o verán, baixo o lema "Ven a Vivir agosto a Salvaterra".

Acérase o mes de agosto e con el o inicio da programación do Verán Cultural, dende o Concello trabállase para ofrecer unha programación variada, para todos os gustos e idades, un programa feito e pensado para disfrutar en familia. Unha programación cultural de calidade, con unha proposta diversa, cargada de actividades e festas, onde todos teñen cabida, e que en breve chegará a todas as casas e que conta tamén con unha

dimensión transfronteiriza a través da Eurocidade Monção – Salvaterra.

Cine, concertos, folclore internacional, folk, música, humor, maxia, teatro, Bandas de Música e gastronomía terán o seu espacio.

O luns 30 de xullo, no Recinto Amurallado, teremos o espectáculo de "O MUNDO A DANZAR", coa actuación dos grupos folclóricos de África do Sur, Arxentina, Tahití e Ucraína.

Venres 3 de agosto, na Praza do Concello, FESTIVAL FOLCLÓRICA DA A.C. PONTENOVA, coa actuación da Banda de Gaitas A.C. Pontenova e os grupos Ardentía e Tanto nos ten.

Xa un habitual na nosa programación, o sábado 4 de agosto, o Recinto

Amurallado acollera o maior festival DJ ao aire libre de Galicia, O SON DA MURALLA, coas actuacións de Jose de Rico, Sara Santini, Thomas Living, Dj Frisco e Marcos Peón, Dj Charlie e Dj David.

O Martes 7 de agosto os máis cativos poderán disfrutar dun concerto para eles da man de Pakolas.

Iria Estévez presentará o seu novo disco o mércores 8 de agosto, o fado, o son, a cantiga galega, músicas de Cabo Verde e Arxentina, bossa nova...

O xoves 9 de agosto poderemos disfrutar do Grupo de Baile Moderno do Casal.

O xoves 10 de agosto FESTIVIDADE DE SAN LORENZO coa actuación das corais de Salvaterra acompañadas pola Banda de Música de Salvaterra de Miño, na Praza do Concello.

Imos de GUATEQUE, música dos anos 60, 70 e 80 para todos os nostáxicos desa época, o sábado 11 de agosto no Recinto Amurallado, e entre todos os que veñan caracterizados de época haberá un sorteo dunha viaxe.

Luns 13 de agosto teatro/comedia infantil "O Vendedor de fume" na praza do Concello

Martes 14 e xoves 16 de agosto CINE AO AIRE LIBRE, na Muralla, coas películas infantís OS PITUFOS. A ALDEA ESCONDIDA e BALLERINA

Venres 17 de agosto FESTIVAL DE BANDAS, na praza do Concello coa



Marta Valcárcel Gómez, 1ª Tte de Alcalde.

participación da Banda de Música da UVCD de Candean, a Banda de Música de Caldas de Reis e a Banda de Música de Salvaterra de Miño

E entramos no último fin de semana de agosto e nos preámbulos da Festa do Viño do Condado, luns 20, martes 21 e mércores 22 de agosto, CURSOS/CATA . Prazas limitadas

Poremos punto e final a esta extensa programación coa FESTA DO VIÑO DO CONDADO DO TEA que este ano chega a súa 59 edición, viño, música, gastronomía fan unha conxunción perfecta e fan de esta festa unha das mellores da nosa comunidade.

No apartado musical da Festa do Viño destacan as actuacións de Os Coribantes de Buchabade e Milson's o venres 24, ROI CASAL co seu espectáculo "son galego son cubano" e PELEPAU o sábado 25 ás 23h. e Errantes e Baby Jane o domingo ás 19:30h.

II FESTA da Cervexa
- Área Recreativa Muíño da Ponte -
Paseo Fluvial do Mendo, Corzáns

28 XULLO
A partir das 19:00H

Cervexas Artesanais e Industriais

Chouripáns

Tortillas

Churrasco

E música a cargo de dj's

COLABORA:

ORGANIZA: Asociación Cultural Quinta do Piñeiro

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

SALVATERRA DE MIÑO

Servizo gratuito de bicicletas de paseo en Salvaterra

O concello de Salvaterra de Miño vai a ser un dos poucos de Galicia que contará con 50 bicicletas de paseo de forma gratuíta, que poderán utilizar os veciños e visitantes os venres, sábados, domingos e festivos, para percorrer o Casco Urbano, o carril bici e as sendas dos Ríos. Así o que o desexe poderá facer de forma natural unha ruta polos 25 km de sendas que temos polos ríos (Mendo, Miño e Tea), o Recinto Amurallado e a Ponte

Medieval. Ademais este verán poderán ser os primeiros en facer a senda entre Salvaterra e Tui, hasta o Río Caselas, que este verán quedará rematada.

Con iniciativas como esta o que se pretende é fomentar o deporte e hábitos saudables entre os seus veciños e veciñas, o uso de medios de transporte ecolóxico e acercar a natureza e o propio patrimonio a todos e a todas, ademais de ser un reclamo para as miles de persoas que se achegan a nosa Vila buscando tranquilidade e

lecer, a parte dunha boa gastronomía, segundo manifesta a 1ª Tte de Alcalde e Concelleira de Medio Ambiente Marta Valcárcel Gómez. Salvaterra de Miño é Vila Milenaria, Capital do Viño do Condado do Tea, pero sobre todo é un Xardín sobre o Miño, sendo o Parque Público A Canuda un dos reclamos turísticos máis importantes do sur de Galicia.

O Posto de entrega das bicicletas está situada no cruce de entrada do Parque Público A Canuda, e todos aqueles que



desexen utilizar este servizo so teñen que dirixirse a ela en horarios de 09.00 a 13.00h ou de 18.00 a 22.00h (horario de verán) e cubrir os impresos necesarios, presentando o seu DNI, pasaporte ou carnét de conducir. Os menores de idade poderán utilizar este servizo

sempre que o formulario sexa asinado por unha persoa maior de idade que se responsabilizará do menor e da bicicleta, ou que o menor de idade comprendida ente os 15 e os 18 anos presente autorización expedida polo Concello de Salvaterra de Miño.

O remendón
CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL 

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Perceiros do Río, Chocó a Frío, Bacalao e Kikon a Brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 / Cole 646 424 968
Telf. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **PINTURAS FERNANDO MIGUEZ**

Rúa Argentina, 11 - Salceda de Caselas
☎ 886 115 548



Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
☎ 986 658 529

Móvil 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com



CONDADO / PARADANTA

TOKIO



FUCO PRADO



FELIX



El Rei



Rico pobre

FUCO PRADO





Vémonos en Compostela o día 25

Compostela é dende a Idade Media punto de reunión a nivel europeo. Hai infinidade de teorías sobre as razóns que levaron a que Santiago de Compostela se convertera nun foco de atracción dende moitos lugares da Europa Medieval: relixiosos, militares, económicos, estratéxicos.

Sexa pola razón que sexa, o feito é que asistimos cada tantos anos aos famosos, relixiosamente falando, ANOS SANTOS. Celebracións que teñen hoxe un carácter claramente relixioso pero que a súa orixe mana das loitas políticas dos diferentes estados europeos. Nestes momentos chegan a Compostela “facendo o camino” xentes de todo o mundo. A construción da Catedral, hoxe admirada mundialmente, sobre todo pola arte nela despregada. O seu valor histórico, político-relixioso, que durante séculos foron tomados da man. Alí foron coroados reis, alí foron exercidos poderes políticos moi fortes e determinantes non só na vida e historia de Galicia; en fin, que Santiago de Compostela é lugar de encontro europeo e, por desgraza, de desencontro político nacional galego.

Non imos profundar neste aspecto senón destacar o feito de que dende o século pasado tamén vén sendo lugar de encontro político social e cultural. Os nosos devanceiros fixeron de Compostela unha fonte de inspiración política, cultural, literaria. Alí tomáronse determinacións políticas moi importantes e decisivas para o desenvolvemento desta Terra no eido político, cultural e social, dos dous últimos séculos.

Pero hoxe queremos falar de como cada día 25 de xullo as forzas políticas nacionalistas se dan cita en Compostela para mostrar a súa fortaleza; ás veces a súa debilidade, aínda que sempre



coa intención de demostrar que a Galicia que quere ser ceibe e soberana segue existindo.

En Compostela escribíronse as primeiras páxinas, ata agora as máis determinantes, da Galicia irredenta que se resiste a renunciar a un futuro próspero e ceibe de ordenanzas foráneas. A historia desta Terra Nosa fálanos de tempos gloriosos e de tempos escuros; pero sempre estivo aí ao rescoldo daquel lume que nos deixou as cinzas da nosa historia que como a ave fénix resucita cada ano na súa cita en Compostela; que segue alimentando ese fogo que quenta as nosas ilusións de homes e mulleres na procura da nosa liberdade política, literaria, económica e social.

Claro que nos últimos tempos; e falo dos últimos 50 anos, máis ou menos, as confluencias ideolóxicas dos galegos que aman a Terra máis ca nada, non sempre foron as axeitadas. O nacionalismo galego é un fervedoiro constante de grupos e subgrupos que non son quen de demostrar toda a súa forza empírica, que a teñen. Vanse esfarelando continuamente nun afán de

ofertar novas fórmulas que pretendendo ser mellores, rematan ciscando constantemente a forza nacionalista que debiera mostrarse unida. Unha e outra vez, asistimos a fracturas políticas de opcións que apenas duran uns anos e xa se fragmentan.

O vindeiro DÍA 25 DE XU-LLO será unha nova ocasión de comprobar como os nacionalistas salpican cos seus actos o espazo de Compostela. Uns lucindo máis músculo, outros querendo demostrar que aínda existen; todos certificando a desunión que leva á marxinación e á perda de poder e forza a nivel de Estado.

Aquí, como pasa nas familias que non se entenden, ningún é culpable. Uns porque cren ser os donos das esencias patrias, outros porque entenden que deben solicitar axudas, aínda que non teñan “pedigri nacionalista” pero que lles poden axudar a coller músculo; os

menos porque se consideran os auténticos herdeiros daqueles anos en que Galicia pesaba e tiña homes e mulleres que dictaron días de gloria para este País. Entre uns e outros, a casa sen varrer. Entre uns e outros permiten que “pescadores” doutros caladoiros boten a cana e saquen sempre algo que levarse á boca, aínda que sexa testemuñal.

Esta é a nosa Galicia. A Terra pola que suspiran os turistas polo noso clima, pola nosa paisaxe, pola nosa gastronomía. Todos marchan marabillados de nós como anfitrións; todos falan sen parar das nosas cousas, e nós, precisamente, nós, sen poñermonos de acordo para facer desta Terra un paraíso político no que poidamos enganarnos e acertar pero sen recibir ordes foráneas. Para cando, bos e xenerosos? Para cando imos estar de acordo con nós mesmos? Ou entre nós?



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Xoán Antón Pérez-Lema

Recuperarmos o pazo

Cómpre recoñecerlle á conselleira nacionalista Ánxela Bugallo o primeiro fito no camiño para recuperarmos o Pazo de Meirás para a cidadanía, ao declaralo Ben de Interese Cultural (BIC) no 2008. Hoxe tense avanzado moito camiño polo traballo da Comisión de Recuperación da Memoria Histórica e pola especial sensibilidade do Concello de Sada e da Deputación coruñesa. Mais tamén por mór do consenso total do Parlamento de Galicia. Neste tema o PPdeG está a facer o correcto. Probábelmente pola presión cidadá, mais cómpre recoñecérllelo.

Os Franco non teñen un título de propiedade legal. Unha “Junta Pro Pazo”, creada polo pulo da Deputación e do Concello coruñeses, usou o diñeiro obtido de descontos obrigatorios dos soldos de funcionarios e empregados e das doazóns “voluntarias” inducidas nos pobos polos concellos e pola Falanxe para lle mercar o pazo á súa propietaria, Blanca Quiroga Pardo-Bazán, ofrecéndollo en doazón a Franco, que o aceptou en decembro de 1938. Porén, a transmisión é radicalmente nula, porque a doazón de bens inmobles require para causar efecto dunha escritura notarial

que non existiu. A trapallada xurídica continuou no 1941 cando Franco adquiriu o Pazo a medio de compravenda perante Notario á mesma persoa que xa lle vendera antes á “Junta Pro pazo”. O prezo era moi baixo e non se xustificou o seu aboamento.

Xa que logo, o suposto título de dominio dos Franco é radicalmente nulo por inexistente, ao non existir causa, nin prezo, nin válido consentimento nunha Blanca Quiroga que xa non era propietaria na altura.

As achegas de fondos públicos na adquisición e mantemento do Pazo e, sobre todo, a súa dedicación a finalidades públicas do Goberno “de facto” (residencia oficial de verán do ditador, celebración de Consellos de Ministros

e actos oficiais...) determinan que o Pazo haxa de se considerar como ben de dominio público Velaí o título xurídico para que a Administración do Estado poida reivindicar xudicialmente o Pazo duns Franco que non teñen título de propiedade válido.

Canto á indemnización dos gastos aboados polos Franco dende que o Estado deixou de usar o Pazo, a súa cualidade de herdeiros duns primeiros posuidores de mala fe, plenamente conscientes da ilegalidade do seu dominio, vetaría calquera pretensión nese senso.



O borboneo de Felipe VI

Hai poucos días escribíamos nestas páxinas arredor do rol histórico da Monarquía borbónica como axente institucionalizador e estabilizador dun Deep State hoxe constituído arredor dos sectores regulados do IBEX 35 (“capitalismo castizo do BOE”), nomeadamente os seus lobbies financeiro, de distribución eléctrica e construtor-concesional e os seus brazos mediáticos madrileños.

Historicamente, a dinastía borbónica caracterizouse sempre polo seu intervencionismo nos asuntos políticos, polo “borboneo”. Fernando VII

voltou impór o absolutismo nas súas reaccións de 1814 e 1820. O seu neto, Alfonso XII, recuperou o trono da súa nai pola forza bruta do golpe de estado do xeneral Martínez Campos (1874). O bisavó do Rei actual, Afonso XIII, apoiou os golpes de estado de 1923, do xeneral Primo de Rivera (que lle habería custar a Coroa) e, xa no exilio, o do ditador Franco no 1936.

No caso de Felipe VI a abdicación do seu pai baseouse nun pacto do bipartidismo dinástico PP-PSOE que permitira manter un “status quo” en risco pola recesión económica e máis polo dano reputacional sufrido polos

seus pai, irmá e cuñado. Mais axiña constatamos a falla de pulo real por alargar a base social da Monarquía, corrixir os graves erros da transición ou tentar reformas sociais e territoriais precisas. Pola contra, Felipe VI tense ancorado en concepcións inmovilistas no político e pouco críticas das inxustizas sociais xurdidas da Grande Recesión.

Canto á cuestión catalá, foi Felipe VI quen decidiu ser rei de parte e porse á fronte dos que pedían a suspensión da autogoberno catalán e medidas penais contra os líderes soberanistas, no canto de explorar as marxes do seu mandato constitucional como árbitro e moderador para garantir unha solución negociada.

Polo medio Felipe VI continuou o seu rol de relacións públicas das grandes empresas españolas, que disfrutan de todo o apoio exterior que se lle nega á internacionalización das nosas pequenas e medianas empresas.

Para máis, falta nel e na súa contorna a –relativa– empatía do seu pai. Semella, pois, que a mensaxe a transmitir é que a Coroa está cómoda facendo de chave de bóveda dun sistema de parte que xa non só refuga aos que acreditan nun Estado plurinacional, senón tamén aos que denuncian os recortes de liberdades, os oligopolios enerxéticos, concesionais e bancarios ou a falla de sensibilidade social.

Recuperarmos a cordura

Aínda hai xuíces en Berlín, como dis que dixo o vello rei prusiano Friedrich Wilhelm II. Ou, tratándose da federal Alemaña, aínda hai xuíces en Kiel, porque o caso da extradición de Puigdemont, como non podía ser doutro xeito nunha democracia que respecta o principio do xuíz ordinario predeterminado pola Lei, foi coñecido polo Tribunal Superior do land de Schleswig-Holstein, onde o president foi detido. No Estado español coñecería do asunto a disfuncional e inconstitucional Audiencia Nacional fose onde fór o lugar

dos feitos. E logo aínda din os unionistas que o Estado español é o máis descentralizado da Europa.

Os xuíces de Kiel rexeitaron a extradición de Puigdemont polo delito de rebelión, ao considerar que a súa conduta non podía ser considerada análoga a do delito análogo na Alemaña, o da alta traición, pola manifesta falla de violencia e/ou intimidación na conduta do dirixente catalán.

Pura cordura, puro Dereito... Fronte esta decisión Puigdemont pode recorrer perante o Constitucional alemán (pola extradición acordada polo delito de

malversación), o Reino de España non. Tampouco pode Llarena prantearlle unha cuestión prexudicial ao Tribunal da Unión Europea. O tempo procesual xa pasou e a lexitimación activa non é do Tribunal que pide a euroorde, senón do que é competente para resolvela. Llarena só pode retirar a euroorde, como especulan case todos os medios de Madrid, mais esta decisión poría á xustiza española a niveis máis propios de Somalia ca de Turquía. De seguro que é o plan A de Llarena, mais non é probábel que o leve adiante.

En realidade, a oportunidade agora é para que a Fiscalía Xeral do Estado reaxa, retire as acusacións por rebelión e sedición, cualifique procesualmente

polos eventuais delitos de desobediencia e pida dos maxistrados instrutores da AN e do TS a liberdade dos presos políticos.

Porque estes presos políticos constitúen, nesta altura, reféns que impiden unha negociación bilateral entre o Estado e Catalunya. Porque se ben é verdade que cómpre dialogar de todo e facer o posíbel por amornecer o conflito con reféns non se pode negociar. Mentres haxa presos políticos en Catalunya non se poderá negociar a serio.

Ao mellor a decisión dos xuíces de Kiel é unha fiestra de oportunidade para recuperarmos o sentidiño, o seny, o sentido común... Para recuperarmos a cordura.

Nemésio Barxa

Um juiz na ratoeira

Conhezedes o caso do condutor que circulando a contramão por uma autoestrada, ao escoitar na radio do automovel uma mensagem de emergencia de que por essa autoestrada circulava um vehículo en dirección contraria, exclamou “como um?, todos, todos circulan a contramão”. Pois bem, no caso do inefavel juiz Pablo Llarena e seus autos e requerimentos ocorre o mesmo, quando não som os seus os que resolvem, todos lhe levam a contraria, ainda reconhecendo pola minha parte a incerteza que encerra qualquera decissão judicial; pode dizer hoje uma cousa e amanha outra diferente. A inseguridade (ou a dilação) é seu sinal de identidade.

Mas, com essa inseguridade no porvir, o feito certo é que 200 constitucionalista há tempo que redigiram um informe que excluía por completo que os feitos de 1.0 em Catalunya fossem constitutivos do delito de rebelião. Mesmo Pérez Royo, e otros, punham en dúbida que existise o delito de peculato (malversación de fondos públicos), dúbidas que ainda acrescentou Montoro com suas explicações de que nas contas da Generalitat não faltava dinheiro. Pérez Royo chegou a dizer “não saber de onde lhe vem ao juiz Llarena essa necessidade de exibição impúdica de sua ignorancia”. O certo é que Bruxelas rejeitou o cumprimento da euroordem de detenção por considerar a inexistência do delito de rebelião. Llarena não debia ter muita seguridade de que sua tese, a da juiz Lamela, prosperase e decidiu retirar a euroordem O Reino de Espanha e seu governo estiverom alerta para ver se Puigdemont mudava de país e podiam intentalo de novo; os poderes públicos espanhóis não tiverom nenhum pudor nem lealdade em utilizar medios de controlo en países da UE para vigilar a cidadãos estrangeiros sem conhecimento das autoridades do país (agora tampouco deveriam pedir lealdade dos outros); asim o juiz Llarena pudo ditar nova urgente euroordem para deter a Puigdemont em Alemania; detido foi ingressado em prissao com grande júbilo do poder judicial, da Fiscalía e expresivos parabens do Borbón com apelos á

independência dos juices e do Poder Judicial e da sua autonomia com os outros dous poderes.

Bom, pois a alegria tornouse em desilusão e rabieta ao dictaminar um tribunal alemão que o delito polo que reclamava sua detenção o Reino de Espanha não existia e Puigdemont ficava livre dentro de Alemania. O governo espanhol anojado, colérico desembarcou en Alemania um dos seus braços jurídicos, a Fiscalía, para recorrer o Acordo, o juiz Llarena insistindo na eurordem para coadjuvar nos intentos revogatorios e, oh desilusão!, o Tribunal de apelación coincide com o tribunal inferior e com o tribunal Belga e tampouco considera que exista causa de entregue a Espanha pola acusação de rebelião. A primeira foi na frente, a segunda no peito e a terceira um pouco mais abaixo. Valhame Deus! E agora outra vez a dúbida de se recorremos ao Tribunal de Justiça da União Europeia... e se rejeitam o recurso? Que vergonha! Penso que o juiz Llarena de novo terá que envainala e retirar a euroordem ou conformarse com que devolvam a Puigdemont a este Reino de Espanha para ser julgado polo delito de peculato com o que supõe de rebaixa de penas (de 30 anos en aquel a 6 anos neste, falando de penas máximas) e de que não parece que a defesa neste caso resulte demasiado complicada, com boas perspectivas.

Se o juiz Llarena, num ejercicio de oportunidade como fizo no caso da justiça belga, desiste agora da solicitude de extradición de Puigdemont, colócase ao margen do art. 408 do C.P. que castiga ao funcionario que deixare intencionadamente de promover a perseguição dos delitos de que tenha noticia. Se para evitar a sensação de ridículo de sua instrucción e salvar a aplicación do artigo 472 CP (rebelião), só para os procesados presos ou com orde de prisión, desiste da euroordem resolvida polo tribunal alemán pode incorrer en delito, porque, ainda a mais, a justiça alemá aceptou que Puigdemont

poderia haver cometido, presuntamente, um delito de peculato (malversacion) polo que Llarena fica obrigado sobre a decissão do tribunal alemán e se renunciar á extradición podría considerarse que renuncia á perguição de um presunto malversador.

Todo esto nos obriga a meditar em relação com as medidas provisorias adoptados pola juiz Lamela, ratificadas polo juiz Llarena; que pasa com os outros acusados de rebelião? Os tres Tribunais europeos aos que acudiu a pertinaz perseguição do julgado espanhol e do governo do Estado coincidirom en explicarlhes que, por muito que argumentem, não existe o delito de rebelião na conduta dos membros do Govern e de seu Presidente naquela altura. Seguem pensado na cantinela franquista de que ainda existem Pirineos; os que circulam polo seu carril vam errados, só nos imos polo carril certo.

Não quisera facer como o PP na

analise das sentenças adversas, como a da Valedora ou a do Caso Gurtel, que interpretam a seu jeito e interese. Polo que tenho que reconhecer que não todo foi favorable, pois o Tribunal tambien, resolvendo sobre o rejeitamento de Puigdemont para a extradición en base á perseguição política no Reino de Espanha, declara que os presos políticos não som presos políticos senão políticos presos. Bom, tenho direito a discrepar, pois se não existe o delito de rebelião os políticos presos ficarán na cadea porque pretenderom consultar qual era a inclinação ideológica de seus conciudadanos e se queriam ser súbditos de um Reino patético ou mais bem cidadãos de uma República soberana. Mas isso é outro tema.

Quinta do Limoeiro, julho de 2.018.



II Festival Xente Xida
Festas do Pilar
24 Xullo. O Rosal

“2018 en FEMININO”

Tremelique
Maraghotas
Aureas
Habelas Hainas

A Partir das 20:30 na Praza do Calvario.
!! FESTA !!
porco o espeto, filloas, cantina, sorteos, agasallos ...
coa participación especial de Marilucha “A MEIGA”
e moitas sorpresas máis...

Organiza  Colaboran  

OPINIÓN

■ Por Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero

Patria, a nosa!

Día da Patria Galega, día de moita luz, de encontros, de esperanza. Este ano é máis notoria a diverxencia entre siglas, e non falan de amor. Din mirar polo Noso e en realidade miran polo deles ou, directamente, para outro lado. Cada ano é maior a distancia, seguen instalados na rosma verborreica de salón, esa que envolve palabras e actitudes irreconciliables, por mor de nada, cousa tonta de aparencias. Si, resúmese doadamente: primeiro eu, despois nós, despois –se cadra- o Pobo. Esa actitude falta de coherencia e entrega, sen matices, levada polos desafectos e desarraigos que son os que nos acaban. Seguen nesa diverxencia que intenta darlles protagonismo e, dentro del, certa credibilidade. Pero que nos vai esnaquizando. E non teñen a ilusión nin a ansia de facernos cómplices do seu proxecto, calan compracidos nas mesmas normas e soldadas que impuxeron os que xa antes mandaban, e outros porqueedulcoran enrabechadas mentiras no formato de palabras sen feitos. E non falan de amor, axúdanse de certas consideracións sacadas de contexto, citas de persoas ás que ousan

traer a colación para dar aspecto de rigor das súas pobres manipulacións que colman o despropósito de tan ruín traizón.

“Que queiran que non, Galicia é unha nación!” Este era o canto marabilloso e marabillado, o máis maioritario da marcha o pasado ano, o máis coreado por todos e que vén de moitos anos atrás, amosándonos cada vez máis máis espellismo. Por mor deles, que non se chantan en pé de dignidade responsable, simplemente esixindo o que é noso! E non falan de amor.

Vén aí de novo o día de proclamarnos a nós, de reivindicarnos Nós e na Casa, donos e sen amo. Pero pasa o día e non queda sequera o pouso da loita intelixente e necesaria, dese ir xuntos para ser fortes e facer forza, dando exemplo de que é antes a Patria cá nós mesmos e os nosos intereses particulares, as nosas comenencias. Mentres tanto, na tele e nos medios de confusión, outros no salón das súas poltronas, din eufonías compracidas de soños, cantos de sereas xa sabidas traidoras. Chámanlle Día de Galicia, do Patrón, do Apóstolo, da autonomía, do orgullo nativo, mexericadas! Outro paso atrás. E non falan

de amor. Uns e outros van con eufemismos compracidos acadando minutos de gloria en forma actuacións, exposicións, publicacións, postos de traballo, cancha para significarse e ser pezas do puzzle e famoseo pailán, intermediarios da miserable escusa –que non razón. É notoria a distancia que nos separa. A súa é a provocación e as desacougantes ameazas de quen organiza eventos, premios, xacobeos, marchas fúnebres, medallas de Galicia, subvencións e outras componendas. Seguen á defensiva e ofendendo, como fan os traidores, á procura de votos, mediando consolos, protexidos en verbas que se asocian aos conspiradores da patronal, da banca corrupta, das minas, dos eólicos, dos cemiterios de lixo, dos “lodos noxentos” contaminantes co patrocinio de grandes señores de lonxe e ricos, envelenados na culpa que nos desposúe e nos quita a propiedade do Noso. E non falan de amor. Incitan, promoven novos e vellos rexeitamentos. Están a anos luz, cos que secundan desde o silencio e a sombra –digamos, medios de expansión, lacaios e servís danzantes dun paripé que, xa obsceno, acada cotas de mala educación e mentira.

Tamén nos afecta o dano da ignorancia. Fixeron tanto dano, nos últimos gobernos,

contra nós, a Cultura, o rural, a paisaxe, a infraestrutura pública, as empresas, a dignidade das persoas, a ledicia e a tenrura, a ilusión, ...tanto fixeron que nos roubaron os dereitos acadados, o futuro que foi quen nos quitou a vontade de ser, acomplexándonos para defende-lo alleo antes que o propio, e levarnos o propio. E non falan de amor, do amor ao propio. A esta Patria que os padeces, esta a Nosa, a única que é Nosa malia a eles. Por ter Lingua exclusiva, importantísima para a existencia, a mesma que nos negan e grazas á que eles gobernan este desatino. Mentres non amosemos a honra de ser quen somos, seremos incapaces de poñernos de acordo, mesmo no nome da Nación! Pasará o día e para moitos será un día máis pero ninguén poderá negarnos o noso dereito a ser propietarios da Nosa Casa, sen alugueres, que sempre son caros. Non claudicaremos, nin deixaremos de exercer a vontade de ser. Por riba de todo, non queremos ser coma eles, os que non falan de amor. E anque brinden felices de vernos divididos! E non falan de amor!



Lembrar a quen tanto debemos

Este mes de xullo é un mes de celebrar como todos os dos anos, ten uns días sinalados e tamén intres que inevitablemente ecoan aínda e cóanse por entre as apatías aburridas e rutinas que os prazos nos veñen marcando a golpes de reloxo, de timbres, de pasos por onde necesariamente pasar, con controles, recibos, papeis, certificados e burocracias que nos asombran a vida e en certa medida nos entristecen na propia desconfianza. Mais sempre teremos “un aquel” para celebrar a vida, mesmo para celebrarnos vivos e coa ilusión de desentendernos de toda atadura e control para sentirnos libres de ameazas. De todas formas, este mes en concreto, é de celebrar a Patria Galega, a única nosa en propiedade e que se recoñece na identidade plena. É un mes cheo de luz e colorido, cheo de esperanzas e de descansos, de cambios e tempos de vagar, ... É un mes, queiramos ou non, de lembranzas. Para os que nacemos despois da incivil guerra do 36, é un mes de infaustos recordos, de fames prolongadas, de imaxes en branco e negro, de negacións constantes, de abusos,

de dor e sufrimentos nunha ferida que aínda doe, que aínda sangra. E os gobernos non quixerón tomar cartas no asunto, aínda semella estar vivo “o vello” ditador nos seus herdeiros que se empoleiran, caladiños no poder, e no emprego da forza sen outra razón convincente para organizar o mundo que o modo que eles cren acertado e está tan equivocado e está falto de irmandade. Pois si, é un mes para reivindicar a Illa de San Simón, para homenaxe de todas as persoas que foron vítimas do franquismo, daquelas que loitaron por defender as ideas contra a barbarie. Eu lembro moitas delas, estaban encollidas no medo perpetuo, inmóviles na ameaza constante. Moitas outras, nin sequera as lembramos. Moitas aínda habitan os eidos do esquecemento, en calquera gabiá, en calquera cuneta dos camiños, en calquera cantil do mar, en calquera fosa común das que tantas quedan por descubrir. Nin sequera se sabe o seu nome. Algúns de nós, en grupos e asociacións, andamos a lembrar pouco a pouco e a cantar pedras que indiquen onde foron asasinados dando conta dun catálogo ina-

cabado. Hoxe en Palas de Rei, mañá en Toques, en Vilamor, en Abellá –Frades, en Mesía, en Cortapezas, na Fonsagrada, en Aranga, na Santa Mariña, en Mondoñedo e Lourenzá, Bembibre, en case todos os lugares, en todas as aldeas, vilas e cidades de Galiza. Alí están aínda prendidos nomes das persoas, Alexandre Bóveda, Os tres Manueles, O Boliña, o fillo da Faviana, Francisco Paradela, Os da “Lexía”, Manuela Teiga, O Gardarríos, O Cmte. Moreno, Juana Capdevielle, Gayoso, María, Carme, Clementina, López Amor, Josefa Barreiro, Seoane, Mercedes Romero, Francisco Mazariegos, Erundina Álvarez, Raúl Trabadelo, Emilia Cabaleiro, Carme de Miguel, Benigno Andrade “O Foucellas”, Virxinia Meilán, Díaz Baliño, Carme Sarille, Manuela Graña, Urania Mella, Marta Crespo, O Piloto, Henriqueta Gómez, Maruxa Mazariegos, Hortensia Mosqueira... Homes e mulleres, mestres, obreiros, labregos nas mesmas ringleiras da morte. A morte é a mesma aquí e en todo o mundo, o mesmo motor que xustifica a mesma ideoloxía subversiva. Todos agardando ser paseados, vilmente asasinados, agardando ir a ningures tan pretiño da nada! Pero non mataron a idea de liberdade e de xustiza. Ringleiras enormes de mulleres rapadas, insultadas, forzadas e obrigadas, quebranta-

das e profanadas na propia dor ou na dor dos seus homes, transgredidos tamén nas súas ideas, nas súas ansias de liberdade que son as nosas, feríndonos –xa desde entón-na nosa esperanza, nas ansias dun destino noso!

Non podemos perder, sen máis, aos que nos encheron de honra na memoria, opóndose a aquela insurrección contra o poder elixido, aos que se opuxeron a aquela usurpación do dereito e das ideas. Aínda se terán que encher páxinas de moitos libros falando dos tantos e tantas que aínda están por exhumar, nomear e coñecer e que, por suposto, quedan para que lles devolvamos a honra e a nosa gratitude! É un mes, tamén, para lembrar e, desde logo, non quedar en paz ata que elas e eles descansan debidamente en paz. Non podemos renunciar á loita mentres os verdugos andan impunes e póndose medallas pensionadas na súa infamia de terror. Temos que recuperar a Illa de San Simón para ser ese lugar de encontro, memoria e reflexión. Anque haxa que invadila. Será o museo que non nos deixe esquecer aquel xenocidio. Lugar de reposición periódica na honra debida aos heroes que salvagardaron a nosa dignidade como pobo e nación.

Carlos Méixome

Toponimia e memoria histórica

Entre nós a estrela da ideoloxización dos topónimos foi o de Ferrol. Ben se sabe, entre 1938 e 1980 foi de “El Caudillo”. A colocación do artigo en castelán viña de moito antes e a reversión ao galego do mesmo é incorrecta. Non foi o único caso de corrección franquista da toponimia. Máis si, coido, o único que se rectificou.

As outras tres localidades, das que teño constancia, que viron alterados os nomes, seguen oficialmente coa forma imposta polo réxime franquista. Quintanilla de Onésimo, Alcocero de Mola, e Numancia de la Sagra. O primeiro concello ribeirán da provincia de Valladolid; o segundo, na comarca de La Bureba e o terceiro ao norte da capital de Castilla-La Mancha.

Quintanilla era de “Abajo”, pero deixou de selo cando lle mudaron o retrouso en honor a Onesimo Redondo, o xefe fascista

alcumado “Caudillo de Castilla”, fundador das “Juntas Castellanas de Actuación Hispánica” que ao unirse co grupo de Ramiro Ledesma Ramos formaran as “Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista” (JONS) que, en 1934, se fusionaran coa Falange Española de José Antonio Primo de Rivera.

Pola súa banda, o concello burgalés de Alcocero viu ampliado o seu nome por mor de ser alí onde se estreloou o avión no que viaxaba o “Director” da sublevación militar-fascista, xeneral Emilio Mola, planificador do golpe transformado en guerra e autor das famosas “instrucións reservadas” como aquela de: “Es necesario crear una atmósfera de terror, hay que dejar sensación de dominio eliminando sin escrúpulos ni vacilación a todo el que no piense como nosotros. Tenemos que causar una gran impresión, todo aquel que sea abierta o

secretamente defensor del Frente Popular debe ser fusilado”.

Desde o mesmo momento da morte houbo rumores, aínda que non probas, de que esta favorecía a Franco quen se apresurou, tras o remate da guerra, a erguerlle un monólito, argallarlle un acto masivo co goberno en pleno, acompañado de xefes militares e relixiosos, e rebautizar o lugar engadíndolle o apelido do “cabecilla” sublevado.

O terceiro caso é o de Azaña, o concello toledano, que tivo a desgraza de chamarse como o líder de Izquierda Republicana, xefe do goberno e presidente da II República, polo que, xa en 1936, os sublevados mudáronlle o nome por Numancia de la Sagra. Non fose ser que a alguén se lle ocorrese dar un viva a súa vila natal.

Falando de “vivas”; escoitei na miña vila adolescente un conto, supoño que repetido noutros lugares, acerca dun gobernador civil de visita oficial que botou un parrafeio dende o balcón da casa do concello, gabando as melloras do réxime e díxolle, ao pobo

congregado, algo así como que pedisen o que precisasen que el íra a Madrid e “hablaremos con premura”. Ante tan rotunda afirmación o pobo agradecido exclamou entusiasta: Viva Premura!, Viva Premura!

Así seguen hoxe. Quintanilla de Onésimo, Alcocero de Mola e Numancia de la Sagra. Ata aquí non chegou a timorata Lei da Memoria Histórica de Zapatero. Mentres os restos do último xefe do estado español elixido polos votos da cidadanía seguen alá, no Roselló, en Montauban, para vergoña da democracia vixiada do réxime do 78.

Por isto e por tantas outras cousas, expectante antes as promesas do novo goberno, estarei na illa de San Simón o próximo domingo 22 de xullo co desexo de que o estado, dunha vez, asuma a súa responsabilidade coas vítimas do franquismo e este poida pasar a ser tema exclusivo dos historiadores.



Quén provoca o deterioro do Sistema Sanitario Público Galego?

Dr. Xosé M.^a Dios Diz, Médico especialista de Atención Primaria de Outes.

Nos últimos anos de goberno do PP en Galicia e no Estado as persoas usuarias do Sistema Sanitario Público veñen confirmando a rebaixa na calidade da asistencia sanitaria. O Sr. Nuñez Feijoo e a Consellería de Sanidade toman medidas que só perxudican á parte máis débil da cadea, que son as persoas enfermas crónicas e as persoas pensionistas. Medidas como o copago farmacéutico, implantadas polo pp no estado español ou esas tremendas listas de agarda tanto en Galicia como no resto do estado están facendo que o deterioro do Sistema Sanitario Público sexa evidente.

A Federación de Asociaciones para la Defensa de la Sanidad Pública afirma que “o copago das persoas pensionistas supón unha barreira de acceso aos fármacos, de tal xeito que un 25% deste colectivo cas rendas máis baixas non retira os tratamentos prescritos, poñendo en risco a súa saúde”.

A nivel local, a Xerencia de Compostela (así como outras xerencias en Galiza), ven de confirmar esta semana aos sindicatos que prevé prescindir de ata 172 camas entre o 16 de xullo e o 16 de setembro.

En moitos concellos de Galiza estanse

“reestruturando” as consultas de Pediatría (termo eufemístico para dicir que “se quitan



Pediatras” dos concellos periféricos a un Punto de Atención Continuada-PAC).

As xerencias sanitarias insisten en que “se usarán esos recursos si hay presión asistencial que lo aconseje y justifique”. Como sempre, primeiro é o caos e despois tenta poñerse o remedio, cando xa é tarde. Para os sindicatos trátase dun «desmantelamento» e “deterioro da Sanidade Pública». Afirman que o peche de servizos sanitarios carece de toda lóxica asistencial, porque xera un incremento das listas de agarda, tanto de cirurxía como de probas diagnósticas e consultas, e tamén das listas de desemprego, ao non contratar a máis persoas desempregadas para cubrilas vacacións do persoal”.

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, afirma que dende que comezou a crise privatizáronse prestacións de servizos médicos e asistenciais, pero agora

a Xunta empezou a externalizar a intelixencia do sistema, poñendo en mans privadas a loxística, a investigación, a xestión, os históricos clínicos, a receita electrónica, o laboratorio central de Galicia... E puxéronse en marcha chiringuitos de colaboración público-privada onde é a iniciativa privada a que leva case todo o peso e os beneficios.

Manuel Martín, Presidente da Asociación, pon como exemplo a privatización do Laboratorio Central de Galicia, que centraliza todas as análíticas que se realizan nos hospitais do Sergas, ou o acordo segredo cunha multinacional estadounidense que fabrica equipos cardiolóxicos (Medtronic), para que xestione os departamentos de cardiología de tres áreas sanitarias –A Coruña, Santiago e Lugo-, poñendo o seu persoal (privado) entre os servizos sanitarios públicos, avaliando custos e valorando as necesidades de material e equipamento que esa mesma empresa vende ao Sergas.

O Sr. Feijoo trata de xustificar estas cuestións dicindo que “fixo o que tiña que facer pola sustentabilidade do Sistema Sanitario Público Galego”...pero nós dicímoslle que foi a costa dos e das máis débiles e vulnerables e que como consecuencia das súas políticas as grandes empresas adicadas á sanidade privada están obtendo enormes beneficios. A calidade do Sistema Sanitario Público Galego vese minguada de forma importante polas súas políticas.

Outra razón que lle dicimos é que a saúde é o ben máis prezado que temos...se por decisións políticas se perde a calidade da mesma, a comorbilidade e incluso a

mortalidade aumenta e recaerá sobre as súas conciencias o que fixeron.

A aprobación (en solitario por parte do PP no Parlamento de Galicia e en contra de tod@s) da Lei Galega de Saúde foi un novo tiro na liña de flotación do Sistema Sanitario Público Galego.

A aplicación da chamada, eufemística-mente, Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias (que o único que garantiza é que o Sistema Público lle vaia derivar “clientes” á empresa privada), fixo que moitas persoas non sexan atendidas en tempo e forma dentro do Sistema Sanitario Público: 45 días para unha proba diagnóstica e unha primeira consulta e 60 días para unha intervención cirúrxica. Isto implica a derivación masiva de pacientes á sanidade privada pois o Sistema Público non pon os medios para facer o que di a lei.

.....E queren dar outra volta de porca, facendo (ca presión das grandes multinacionais da sanidade privada) unha Lei para Galiza, ad hoc, de Incompatibilidades Médicas (Lei que agora depende do estado español) e que consideran “moi restritiva” e “aplicada por Talibáns”, co que poderán compaxinar a persoal sanitario da Sanidade Pública ca sanidade privada, co novo deterioro que suporá para a Sanidade Pública.

Volvemos á pregunta do título deste artigo: Quén provoca o deterioro do Sistema Sanitario Público Galego? Por suposto...o propio sistema!

Non o permitamos. Defendamos a Sanidade Pública Galega e impidamos que “os bos xestores” a sigan deteriorando e desmantelando.

OPINIÓN

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Galeguistas e nacionalistas no 25 de xullo

Está rulando polas redes sociais un novo anuncio publicitario chamando ao consumo de produtos galegos etiquetados no noso idioma. Unha creación de Pío García Audiovisuais, S.L. para o Foro Peinador - Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adeagueiros co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística que en pouco menos de corenta e oito horas acadou máis de oito mil reproducións. Pódese visionar na páxina www.galeguizargalicia.com

A mensaxe do anuncio baséase na evidencia de que o sector agroalimentario galego vive unha crise endémica que lle impide afrontar a competitividade de produtos foráneos que se comercializan nas grandes superficies con agresivas campañas publicitarias que seducen aos consumidores que non aplican o principio da discriminación positiva nas opcións de compras individuais e familiares. A insolidariedade cos nosos produtos é de tal natureza que os que así se comportan tiran pedras contra o seu propio tellado; é dicir, empobrecen o país e arruinan

as noas explotacións agrarias e industrias transformadoras.

A mesma crise que vive a nosa economía agraria é semellante á marxinalización da lingua galega en moitos usos sociais, que queda reducida no ichó do ámbito literario con poucas posibilidades noutros ámbitos sociais e económicos. De aí que manteñamos desde hai ben tempo a necesidade dunha alianza estratéxica entre a lingua e a economía galegas para superar a marxinalización a que son sometidas tanto unha coma outra.

Unha reflexión sobre estas circunstancias fai que todos os anos nas portas do 25 de xullo, Día da Patria Galega/Día de Galicia, tan propicia á exaltación do espírito da galeguidade, insistamos na necesidade de apelar á coherencia dos celebrantes mesmo despois de rematados os mítines e concentracións. Pero para iso cómpre que as proclamas que se lancen insten aos asistentes a seren consumidores galeguizados.

O discurso da galeguidade debe ser máis pedagóxico e didáctico para que sexa interiorizado polas nosas xentes.

Os galeguistas e nacionalistas de noutrora exerceron un maxisterio máis incisivo que os de agora, aleccionando eficazmente aos seus militantes. Así o fixo o Partido Galeguista que fora decantando unha postura de galeguismo económico que puña o acento na exportación aos galegos para que consumisen preferentemente produtos galegos. "Por onde vaiades convertêdevos en propagandistas incansables e fervorosos dos nosos viños, gabándoos e recramándoos no restorán a onde vaiades xantar, na taberna onde vos vexades citados e no café do que sodes clientes", dician en 1934. "Pensade ao defender os produtos da nosa terra que estades defendendo o pan dos nosos veciños, os intereses dos nosos amigos e a gloria e a fame do noso país", dicía o Manifesto da Unión de Colleiterios do Ribeiro do Avia.

Os seus chamamentos á galeguidade dos consumidores era unha constante: "Unha patria para existir necesita contar cunha economía. Tena Galicia? Tena, aínda que moitos galegos non o saiban", afirmaban; e mesmo denunciaban as economías alleas que lle facían a guerra "coa complicidade dos propios galegos", por activa ou por pasiva.

A Federación das Mocidades Galeguistas fixeron tamén bandeira deste

discurso. O que non fan, desgrazadamente, hoxe as organizacións da mocidade. Nin tampouco os seus dirixentes políticos.



Defender a nosa economía e que esta fale galego é unha obriga para todos, sexan galeguistas ou nacionalistas. A obriga tamén é lles afecta en xeral a todos os galegos que non profesen credos partidarios, se non queren empobrecer os sectores produtivos do noso país e minorizar a nosa lingua.

O Día da Patria Galega/Día de Galicia, xornada de catarse colectiva, debe ser aproveitada para poñer en práctica o exercicio dunha experiencia inédita: consumir produtos galegos etiquetados no noso idioma ali onde celebremos a xornada cos amigos ou coas familias. Unha oportunidade para demostrarlles aos fabricantes de produtos etiquetados en galego a nosa solidariedade ao tempo que penalicemos aos que aínda non incorporaron o noso idioma ás súas etiquetas.

A única política que vale é a dos feitos, a que crea conciencia galega galeguizada. Só así poderemos avanzar. O demais é falar por falar.

Carta aberta do persoal dos PAC da Área de Vigo ante a falta de cobertura de ausencias imprevistas

O persoal dos Puntos de Atención Continuada da Área de Vigo (O Porriño, Tui, A Garda, Vigo..) veñen de emitir un escrito aos medios que, pola súa relevancia pasamos a reproducir de xeito literal:

"Apenas comezou o verán e os problemas non fixeron máis que empezar. Dá igual que a política de vacacións para o persoal sanitario de Atención Primaria na EOXI de Vigo este ano sexa do máis restritiva. Dá igual que a Xerencia negara o dereito a acollerse á conciliación familiar rexeitando todas as peticións de redución de xornada que realizou o persoal médico antes do verán. Dá igual que negara o dereito a gozar de quincenas de vacacións en período estival a algún dos seus traba-

lladores/as. Nada é suficiente para tapar a mala xestión de Recursos Humanos desta Xerencia nos últimos anos.

A última volta de torca por parte da Administración é a de deixar descubertos nos Puntos de Atención Continuada (PAC) -servizo de urxencias de Atención Primaria- ante ausencias imprevistas. Ou o que é o mesmo, se un médico/a se indispon, ou polo motivo xustificado que sexa non pode acudir a súa garda, non se pon a ninguén no seu lugar.

Isto ocorreu o xoves 5 de xullo no PAC de Redondela; e o sábado día 7 a doutora que estaba de garda no PAC de Moaña até as 22:00 horas tivo que prolongar a súa xornada até as 8:00 horas (10 horas) porque ninguén foi releva; o xoves día 12 tocoulle de novo a Re-

dondela: de dous médicos no PAC na quenda de tarde só se cubriu un; o venres 13 ocorreu o mesmo no PAC do Porriño; e o sábado 14 na Guarda, zona de turismo con aumento de poboación en meses estivais, onde un só médico tivo que atender as urxencias da comarca porque ninguén se fixo cargo do reforzo de fin de semana o sábado pola tarde.

A consecuencia de todo isto é que se permite que un só médico/a se teña que facer cargo do traballo para o que dous efectivos xa se teñen mostrado insuficientes en moitas ocasións. Xa non é unha cobertura de mínimos, atopámonos nunha situación de "sálvese quen poida", e o peor é que os feitos demostran que non se trata de nada puntual.

Poñámonos no exemplo de que un doente acode ao seu PAC afectado/a por unha patoloxía grave e repentina. Algo que lle pode pasar a calquera no verán: unha picadura de insecto que teña como consecuencia unha reacción alérxica grave. O doente chega ao PAC

con mareo e dificultade respiratoria e o médico/a non estea porque tivo que ir realizar unha asistencia a un domicilio, ou si esta pero non lle permitiron rematar a súa quenda de traballo e leva traballando moitas máis horas das que lle correspondían. No primeiro suposto, o persoal da recepción do PAC tratará de prestarlle axuda sen ser sanitario. No segundo, será atendido/a por un médico/a exhausto. En ambos os casos o máis probábel é que a situación se resolva dun xeito favorábel para o doente. A realidade é que profesionais ao límite están a poñer a súa vida ao servizo dun sistema que fai augas por todos os lados.

A solución que propón a Administración é a de pechar servizos, deixar descubertos e cruzar os dedos para que nada irremediábel suceda. Até o de agora a xogada está a saírlles ben e parece que non nos queda máis remedio que seguir confiando no azar e no traballo ao límite dos/as que seguimos intentando manter o barco a flote".

O PORRIÑO

Retomados, logo de máis de 20 anos, os traballos arqueolóxicos no xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño

Un equipo de investigadores internacionais, liderado polos arqueólogos Eduardo Méndez-Quintas e Manuel Santonja, do Centro Nacional de Investigación sobre la Evolución Humana (CENIEH) retomaron a semana pasada os traballos de investigación nas Gándaras de Budiño, “considerado historicamente o xacemento paleolítico máis importante de Galicia”.

Como puido comprobar a alcaldesa, Eva García de la Torre, que fixo unha visita ao lugar, estas investigacións, nas que participan investigadores portugueses, españois, franceses e australianos, teñen como obxectivo “explicar as características xeolóxicas deste importantísimo xacemento e datar definitivamente os diferentes episodio de ocupación humana”, sinala Eduardo Méndez-Quintas, director destes traballos.

O xacemento de As Gándaras de Budiño foi un dos primeiros lugares de época paleolítica escavados en Galicia, tralo seu descubrimento en 1961. Inicialmente perforado por Emiliano Aguirre, mundialmente coñecido por ser o impulsor do proxecto Atapuerca, Budiño pasou a converterse nun xacemento altamente problemático, subliña Méndez-Quintas, “posto que as primeiras datacións deste lugar indicaban un cronoloxía de uns 26.000 anos, cando este tipo de lugares tiñan que ter unha idade superior aos 100.000 anos de antigüidade”. Esta circunstancia levou a idea de que no NW da Península Ibérica existía un Paleolítico atípico e anacrónico con respecto ao que acontecía no resto do SW de Europa. “Isto supuña un argumento para defender a idea do “atraso secular de Galicia”, o cal xa arrincaba no Paleolítico.



As investigacións actuais inciden nunha situación totalmente diferente, xa que “na actualidade sabemos que a primeira presenza humana na nosa rexión é anterior aos 300.000 anos, en cronoloxía semellantes as de outras rexións europeas. doutro lado os traballos en curso no xacemento

indican que estamos ante depósitos moi antigos e con restos arqueolóxicos cunha cronoloxía que debe exceder amplamente os 200.000 anos de antigüidade”, afirma o director da escavación.

Estes traballos enmárcanse dentro do proxecto de investigación internacional “Minho/Miño: Os primeiros poboadores do río Miño”, que estase a desenvolver de xeito simultáneo nas dúas beiras do río Miño. Asemade estas investigacións nas Gándaras de Budiño contan co apoio económico do Concello de O Porriño.

Difusión dos traballos

Durante os traballos de escavación e en colaboración co Concello de O Porriño organízanse visitas guiadas aos traballos arqueolóxicos todos os días ás 3 da tarde, ata o vindeiro sábado, 14 de xullo, último día de traballos nesta primeira fase de investigación no xacemento.

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amaro,
DESCÚBREOS!

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós. As Neves, Pontevedra, Galicia
886 667 212 info@srubios.com

SEÑORÍO DE RUBIÓS
www.srubios.com

LOURINHA

MOS

18 traballadores velan pola seguridade forestal de Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, deulle a benvida no edificio do Servizo Municipal de Emerxencias, sito na Veigadaña, e en compañía do coordinador do devandito servizo, Rodrigo Iglesias, aos membros das brigadas forestais contra incendios que comezaron a traballar no Concello entre os pasados días 1 e 5 do presente mes de xullo.

Deles 4 son peóns forestais que se contrataron durante 9 meses grazas á subvención de 45.000 euros do programa Aprox Rural da Consellería de Economía, Emprego e Industria. E por outra banda está a subvención anual da que goza dende 2016 o Concello de Mos para a prevención de incendios forestais, grazas a un convenio de colaboración asinado coa consellería do Medio Rural. Grazas a esta axuda a administración local mosense contratou a unha brigada contra incendios formada por 14 persoas: 9 condutores moto-



bomba, 4 operarios peóns e 1 xefe de brigada. O importe total da axuda concedida por Medio Rural ascende a 60.679,62 euros.

Deste xeito, en total traballarán na prevención de incendios durante este verán no Concello de Mos un total de 18 brigadistas nos que se realiza unha inversión de 105.679,62 euros.

O Concello de Mos inicia así a súa campaña municipal contra incendios deste verán. Os representantes municipais, a rexedora local, Nidia Arévalo,

e o concelleiro de Medio Ambiente, Cándido Pérez, declaron a este respecto que "a importancia deste dispositivo de loita contra incendios é vital", pero incidiron en que "é preciso concienciar á cidadanía para intentar diminuír desde o primeiro momento o risco dun lume, xa que o monte é patrimonio de todos. Por iso insistimos en potenciar a prevención, a vixilancia e disuasión para que os montes mosenses non volvan ser vítimas de lumes coma os que tivemos que lamentar o pasado ano".

O BNG de Mos pide ao Concello que actúe fronte aos vertedoiros ilegais

OBNG de Mos vén de denunciar a existencia de varios puntos no termo municipal mosense onde tanto empresas como particula-



res deixan sen control os residuos, xerando moreas de lixo acumuladas. Aseguran que o Goberno Municipal está "deixando de lado" loitar contra este tipo de actuacións" o incívico do comportamento de algúns, non é excusa para non actuar", apuntan.

Consideran que a vixilancia é primordial para acabar con estes vertedoiros e se debe actuar de maneira urxente para evitar eses verquidos "o custe para o Concello é moi grande, xa que a recollida ten que facerse por unha empresa que logo separe o que se tirou de mala maneira".

Roubo de cable de cobre do alumado público nas Pozas

O concelleiro de Alumado de Mos, Baldomero Lorenzo, informou de que a principios de xullo produciuse un roubo de cable do tendido eléctrico do alumado público na zona das Pozas, en Petelos.

Concretamente substraíronse 100 metros de cable de cobre no tramo que vai dende o Camiño das Pozas ata a pista de skate que se atopa detrás do edificio Multiusos. A consecuencia deste

roubo, víronse afectados quedando sen servizo de alumado público outros dous camiños, o Camiño da Raposeira e o Camiño Vello das Urces; ademais da zona onde se produciu a substraición.

A Policía Local acudiu ao lugar dos feitos para realizar unha inspección ocular e atópase investigando o suceso. Así mesmo, por parte do Concello de Mos presentouse a pertinente denuncia perante a Garda Civil.

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

As Rutas de Artes e Oficios achegan aos artistas tomiñeses á cidadanía

Oxoves 12 de xullo, comezou as Rutas de Artes e Oficios 2018; unha das numerosas actividades de verán organizadas polo Concello de Tomiño dende a Aula-Museo Antonio Fernández de Goián, que tenta dar a coñecer a riqueza cultural e patrimonial do municipio. Pero dun xeito directo e diferente, coma é a visita dos talleres e estudos dos artistas

loais, co fin de coñecer de primeira man as súas obras e os procesos de traballo, así coma os materiais que cada un utiliza nas súas creacións.

A primeira visita, xoves 12 de xullo, foi ao estudo de escultura e cerámica de Liliya Pobornikova e Nando Álvarez. A segunda será o día 26 de xullo, con Antúñez Pousa (escultura); a terceira, o día 9 de agosto con Pilar Alonso (pin-

tura) e a cuarta e última, o día 30 de agosto, con Xuxo Vázquez (escultura).

O ano pasado, participaron na ruta outros cinco artistas afincados no concello: Eulalia Jackson, Leandro, Magín Piccallo, Fundición Arte Bronce e Carlos Fernández. Todos eles, xunto aos cinco deste ano, participan nunha exposición de arte que se pode ver no Mercado Municipal.



Un grupo de estudosos, interesado en potenciar unha ruta xudía tranfronteiriza, percorreu o barrio xudeu de Tui

Visitaron Tui un grupo de académicos interesados na potenciación dunha ruta xudía no territorio transfronteirizo que abranguería Porto, Tui, Ribadavia, Chaves e Bragança.

En Tui, da man do historiador tudense Suso Vila, puideron coñecer o importante legado da comunidade xudía na cidade nun percorrido que comezaron na antiga zona da Oliveira – hoxe en día convento das Clarisas –, e que proseguíu visitando os restos da sinagoga na rúa Ordóñez, e a Catedral onde puideron admirar as pezas dos prateiros xudeus que se conservan no museo catedralicio, así coma o menorá do claustro, que é testemuña da relación que



existía entre a comunidade xudía e a cristiá..

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, acompañou a esta trintena de persoas no seu percorrido pola cidade.

Cómpre lembrar que a Ruta

Xudea está recollida tanto nun folleto turístico coma sinalizada dende a praza da Inmaculada, podendo a través dos sinais e códigos QR realizar un percorrido polo patrimonio xudeu que conserva a cidade

Exposición fotográfica “Así Somos” na Casa dos Alonso

O departamento de cultura do concello da Guarda inaugura este venres 20 de xullo a exposición “Así Somos” na Casa dos Alonso da Guarda, ás 21:00 h. Trátase dunha interesante mostra que poderá visitarse ata o 26 de agosto de martes a sábado en horario de 12 a 14 h. e de 19 a 22 h. e domingos e festivos de 12 a 14 h.

A exposición reúne un total de sesenta fotografías sacadas entre o 2014 e 2018 onde se mostra o día a día dos veciños da vila. Os nosos oficios, con especial atención os relacionados co mundo do mar, pero tamén os momentos de ocio, as nosas festas e tradicións, estampas de vida cotiá, conforman o espírito da proposta.

Unha representación costumista e popular a cabalo entra a reportaxe etnográfica e o retrato artístico, entre o antropológico e o fotoxornalismo, que nos achega a esencia do cotián da Guarda e as súas xentes.



Exposición “Azulejo português. Diálogos contemporâneos” na Sala Municipal de Tui

Esta mostra, froito da colaboración entre o Camões, Instituto da Cooperação e a Língua con sede en Vigo e a Concellería de Cultura, enmárcase nas actividades organizadas para conmemorar o aniversario do Pacto de Tui. Poderá visitarse na Sala Municipal de exposicións, na Área Panorámica, até o día 31 de xullo en horario de luns a venres de 9.25 h a 13.20 h e de 15.25 h a 20.10 h e os sábados de 9.25h a 13.20 h.

A mostra “Azulejo português. Diálogos contemporâneos” reflicte o diálogo entre a secular tradición azulexística e a contemporaneidade a través de 21 paneis divulgativos con diverso material fotográfico e textos. O azu-



lexo radica en tradicións que co paso do tempo foron actualizándose nas técnicas, cores, formas, temática ou utilización, de xeito que hoxe se asume como un dos principais sinais de identidade da cultura portuguesa.

Festival “Vive Nigrán” os días 20 e 21 de xullo



Por terceiro ano celébrase o festival “Vive Nigrán”, un dos #RíasBaixasFests, que terá lugar os días 20 e 21 de xullo no campo de fútbol de Praia América.

No seu cartel destacan grupos como Nathy Peluso, De Pedro, Maryland, Cala Vento, Mujeres, Mireia Vila, Odd Cherry Pie Esteban & Manuel e Abraham Boba DJ Set, o día 20 de xullo, e Sidonie, The Limboos, Mueveloreina, Bigott, Las Odio, Alondra

Bentley, Calavera, Inerties, Indian Hawk, Sidonie DJ Set, Esteban & Manuel DJ Set e Picnic Pop DJ, o 21 de xullo.

O festival, que terá lugar no campo de fútbol de Praia América, ten tamén segundo os organizadores vocación familiar. Deste xeito, ofertará actividades infantís, triplicando as do ano pasado, relacionadas ademais cos valores que se están a promover no festival como é o caso do Medio Ambiente.

BAIXO MIÑO

TUI

Música, cinema, gastronomía e deporte no Verán Cultural de Tui

A música encherá o verán tudense nos distintos actos previstos dende o 13 de xuño até o mes de setembro. A programación, que inclúe tamén cinema, deporte e gastronomía, foi presentada na casa do concello. Esta oferta cultural vén recollida no número 36º da Axenda Corredoira Cultural da que se editan 15 mil exemplares que son distribuídos en Tui e Valença. Esta publicación achega tamén a programación de outono/inverno conformada por oito eventos que se celebrarán no Teatro Municipal de Tui de outubro a decembro.

A primeira das propostas da programación do Verán Cultural tivo lugar o venres 13 de xullo, coa primeira das proxeccións de “Cinema no Verán”, na praza de San Fernando coa película “El hijo de Bigfoot”. O cinema de animación para todos os públicos continuará os venres 27 de xullo con “Cavernícola”, o 3 de agosto con “Coco” e o 24 de agosto con “Ferdinand”.

Baixo o título de “Concertos de Verán” a Banda de Música Popular de Tui ofrecerá tres concertos no Paseo da Corredoira, o sábado 14 de xullo, o sábado 11 de agosto e o sábado 1 de setembro, sempre ás 21.30h.

Por outra parte o domingo 15 de xullo, o Paseo Fluvial acolleu o Concerto Solidario “Todos con Paramos” no que actuaron as bandas de gaitas Lembranzas da Terra de Guillarei e San Xoán de Paramos xunto a alumnado do Conservatorio de Tui, sendo a recadación para a Asociación de Afectados de Paramos e Guillarei.

Baixo o lema “Women Sound” celebrábase do 20 ao 24 de xullo o IKFEM, o Festival Internacional de Instrumentos de Tecla da Eurocidade Tui-Valença, que homenaxeará as mulleres compositoras e intérpretes de Galicia e Portugal. Un evento que coma explicaba a súa directora, Andrea González, terá amais carácter solidario na xornada inaugural,

o próximo venres 20 no Paseo Fluvial, onde combinarán o lecer con kaiaks, ioga, food-trucks, zona infantil, coa música de Najla Shami, Julio Resende, Ghost Beaste e ela mesma.

O Parque do Laxal en Rebordáns, será o escenario o martes, 24 de xullo ás 21h da XIX Noite Internacional do Miño que organiza a Escola de Baile e Gaitas San Fins de Rebordáns. Alfonso González, membro da organización, expuxo que este ano terán a disciplina e ritmos da cultura xaponesa con “Saiki”, a forza e a acrobacia do grupo “Raz-dolie” da República de Buriata, e o corido e ritmos latinos da Compañía Artística Danzar Colombia e do Ballet Argentino Calden Gaucho.

O martes, 14 de agosto, a Catedral de Tui acollerá o concerto de clausura do curso 29º Curso de Verán “Tamara Brooks” que terá lugar na cidade do 1 ao 14 de agosto. Aloia Martínez

explicou esta mañá que o concerto de clausura terá este ano unha vertente especial xa que unha mostra do aprendido polos alumnos no curso. Será dirixido por Fernando Briones e Julio Domínguez, pero tamén polos alumnos de dirección do propio curso, que se situarán ao fronte das actuacións corais a capela, da orquestra e do coro e a orquestra.


Samuel Diz, o director artístico de “Música no Claustro” avanzou que o elemento trece deste festival que aúna patrimonio e música será o escudo de Diego de Avellaneda, que os levou a un diálogo co Museo Nacional da Escultura de Valladolid. A programación a desenvolver do 4 ao 10 de agosto, será presentada en breve.

Dentro desta programación o río ten tamén o seu protagonismo coa VIII Festa do Miño que se celebrará o sábado 18 de agosto. Unha xornada festiva que comezará coa ro-

maría popular na ribeira de Caldelas, continuará co VIII Descenso Popular do Miño e o XLVII Descenso Internacional, e que xa pola noite contempla a VII Festa Gastronómica na rúa Lugo e o concerto de Anxo Lorenzo Band.

O programa Vive o Camiño achegará ata Tui a actuación do poeta e contacontos Celso F. Sanmartín “Celsiño” e da cantautora MJ Pérez o xoves 30 de agosto na Praza de San Fernando. E o ciclo Falarredes presentará a Xoán Curiel con “A casa do terror” o xoves 27 de setembro no Teatro Municipal.

A programación estival pecharase co Festival da Cultura Arraiana, Arraianos que se celebrará do 31 de agosto ao 2 de setembro. Un evento que como explicaba a súa directora, Andrea Costa, busca fomentar a cultura, o turismo, a historia,... a vida en Tui nunha festa única cun carácter moi persoal.



PORTUGAL

Festa final da iniciativa “Atividade de Verão” no parque das Caldas de Monção

A festa final da iniciativa “Atividades de Verão”, iniciada no passado dia 25 de junho, decorreu na passada sexta-feira, 13 de julho, no Parque das Caldas, com a realização de várias atividades, “mergulho” na piscina municipal descoberta, e um picnic com todos os participantes, aberto aos encarregados de educação.

Destinando-se a crianças dos 3 aos 6 anos do concelho, o programa contemplou um conjunto de atividades repletas de animação e aprendizagem, tendo decorrido na Escola Básica José Pinheiro Gonçalves e na EB1 do Vale do Mouro – Tangil, entre as 9h00 e as 17h00, com intervalo para almoço, nas cantinas das escolas.

Promovidas pela Câmara Municipal de Monção, as “Atividades de Verão” contaram com a colaboração do Agrupamento de Escolas de Monção e diversas instituições, associações e clubes do concelho. Todos receberam diplomas de participação. Bonitos. Como a iniciativa.

Entre a celebração do 60º aniversário de ordenação sacerdotal do Padre Agostinho Caldas Afonso e a inauguração da clínica de hemodiálise na Santa Casa da



Misericórdia de Monção, António Barbosa passou pelo Parque das Caldas, convivendo com os presentes e agradecendo a participação na iniciativa.

“O sucesso é de todos”

No lançamento desta ideia, Natália Rocha, havia referido que “a concretização das atividades de verão responde favoravelmente aos anseios dos pais”, revelando-se “muito importantes no processo de sociabilização das nossas crianças”.

Hoje, de sorriso rasgado, verificava no terreno que as suas palavras faziam todo o sentido. O balanço não podia ser mais positivo. E os comentários mais elogiosos. As atividades de verão terminaram em grande com um convívio fantástico. Já tem saudades? No próximo ano, há mais.

Na hora da entrega dos di-

plomas de participação, Natália Rocha congratulou-se com o sucesso da iniciativa e agradeceu a disponibilidade e dedicação de todos os organismos e pessoas envolvidas. “As atividades correram lindamente. O sucesso é de todos. Agradeço, de coração cheio, o vosso envolvimento” sublinhou.

Esta iniciativa, que aconteceu pela primeira vez no concelho, englobou várias iniciativas de caráter pedagógico, lúdico, cultural e desportivo. As crianças aprenderam a “reciclar e educar”, a serem “arqueólogos e polícias por um dia”, a divertirem-se em “jogos e histórias”, a construírem um “muro de CD’s” e a explorarem o território na “caça ao tesouro”.

A iniciativa compreendeu também jogos teatrais, visitas guiadas, artes plásticas, passeios de pônei, atividades aquáticas, jogos tradicionais, e iniciação ao basquetebol, karaté, ciclismo/BTT, natação e patinagem. As crianças envolveram-se ainda na “decoração de bolos” e em “aulas com instrumentos musicais”.

Folk Monção “O Mundo a Dançar” volta a encantar

Os incêndios do passado dia 15 de outubro atingiram o local de depósito do material utilizado no Folk Monção “O Mundo a Dançar”, destruindo grande parte dele. Na altura, pensou-se que a edição deste ano estaria comprometida. Não aconteceu. O Grupo Folclórico da Casa do Povo de Barbeita empenhou-se a duplicar e o festival deste ano promete voltar a encantar milhares de pessoas.

Reconhecido pelo CIOFF desde 2006, o Folk Monção “O Mundo a Dançar”, decorre, entre 29 de julho e 6 de agosto, em 9 concelhos do Alto Minho (exceção é Viana do Castelo) e 2 da Galiza (Salvaterra de Miño e Vila Nova de Arousa). Monção recebe espetáculos na Praça Deu-la-Deu e em Ponte de Mouro, freguesia de Barbeita.

Os espetáculos, com início às 22h00, são todos gratuitos, contando com a participação de agrupamentos vindos de 9 países: África do Sul, Argentina, Bielorrússia, Buriácia, Colômbia, Espanha, Taiti, Ucrânia e Portugal. Os cinco continentes num espetáculo de dança, música e partilha de ideias.

Além dos espetáculos, realiza-se no primeiro dia, em Ponte do Mouro, Barbeita, uma festa convívio e o dia 2 de agosto, quinta-feira, as 10h00, decorrem ateliês de dança e desfile dos grupos pela feira e ruas da vila de Monção.



REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOGIA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTIS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
☎ 654 07 57 51

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Máis de 50 nadadores participaron na XXIII Travesía a nado do Porto da Guarda

Na mañá do sábado día 7 de xullo de 2018 o Porto da Guarda acolleu a XXIII edición da Travesía a Nado do Porto da Guarda, un evento deportivo ligado á celebración da XXVIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira que dende o pasado venres celébrase na vila da Guarda.

Ás 12:00h os participantes tomaron a saída nesta proba, cunha boa temperatura da auga, que propiciou o goce deste deporte.

Ás 13:0h realizouse no interior da carpa a entrega de premios, participando o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, o Concelleiro de Deportes, Xavier Crespo, a Concelleira de Cultura, Elena Baz e a Concelleira de Turismo e Deputada Provincial, Montserrat Magallanes.

Nesta XXIII edición resultaron



gañadores absolutos Marcos Martínez Martínez e Antía Ortego Porta, entregándose ademais premios para o Nadador máis xove, Hugo Calvo Castro, o nadador máis veterano, Juan Enrique Salgado González, a nadadora máis xove, Laura Blanco Pérez para a nadadora máis veterana, Iria

Álvarez Nion.

Este evento deportivo estivo organizado pola Concellería de Deportes do Concello da Guarda en colaboración co Clube de Remo Robaleira, o Clube Alagua, a Confraría de Pescadores Santa Tecla e Río Verde embarcacións.



Clasificación Xeral 1500m

1. Marcos Martínez Martínez
2. Antía Ortego Porta
3. Ramón Vázquez Otero
4. Miguel Fins Seoane
5. Eugenio Míguez González
6. Javier Olea Coomontte
7. Diego Gutiérrez López
8. Jorge Calvo Castro
9. Laura Blanco Pérez
10. Rafael Salcidos Vázquez

Gañadores por categorías:

Categoría E – Nados entre 2003 e 2006

1. Laura Blanco Pérez
2. Ana Paula Eijo Gil

Categoría F – Nados entre 1998 e 2002

1. Antía Ortego Porta
2. Irene Rivadulla Mallo

Categoría G – Nados entre 1981 e 1997

1. Sandra Vidal Lino
2. Sara Noa Martínez Rodríguez
3. Carolina Carrera Pérez

Categoría H – Nados 1980 e anteriores

1. Iria Álvarez Nion
2. María Costa Ríos
3. Leticia Seoane Núñez

Categoría I – Nados entre 2003 e 2006

1. Marcos Martínez Martínez
2. Diego Gutiérrez López
3. Sul Baz Oliveira

Categoría J – Nados entre 1998 e 2002

1. Jorge Calvo Castro
2. Pedro Comesaña Amoedo

Categoría K – Nados entre 1981 e 1997

1. Eugenio Míguez González
2. David Comesaña Amoedo
3. Adrián Trillo Rodríguez

Categoría L – Nados 1980 e anteriores

1. Ramón Vázquez Otero
2. Miguel Fins Seoane
3. Javier Olea Coomonte

Exito da Interlude Fest

O venres día 6 de xullo o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a Concelleira de Cultura, Elena Baz, reuníronse cos representantes da Asociación Rock'n'Rolla, organizadora do I Interlude Fest celebrado o sábado 30 de xuño no Castelo de Santa Cruz.

Nesta reunión valoráronse múltiples aspectos desta primeira edición, de cara a me-

lloralos nas vindeiras edicións, para a consolidación dun evento, que aspira a converterse nunha cita máis do calendario e programación da axenda cultural de verán do Concello da Guarda.

Este evento multicultural, congregou a máis de dous milleiros de persoas que dende as 11:00h da mañá participaron nas diferentes actividades pro-

gramadas, cun mercado solidario en colaboración co colectivo solidario Conrazones, mercado de artesanía, así coma probas deportivas un campionato de petanca, xogos populares e actividades para os máis pequenos da casa.

Durante a xornada contou coa amenización musical do Trebón dos Xidos e Gaiteiros do Fuscalho. Xa pola noite, dende as 20:00h os concertos amenizaron esta Iª edición contando coa participación dos



grupos Perseide, Tati's Joplin, Santos Morcegos, Mano de Piedra, Terader, Kuna de Odio, Teracto e Sulf-atäR.

As actividades foron totalmente de balde e contou coa colaboración do Concello da Guarda e casas comerciais.

A GUARDA

A Guarda felicita aos deportistas Iago Soler, Elsa Pena e Sergio Rodríguez polos seus éxitos deportivos

O Concello da Guarda felicitou aos deportistas que na pasada fin de semana acadaron varios éxitos deportivos nas súas respectivas modalidades.

Por unha banda Iago Soler participaba na xornada do sábado no Campionato Galego de Natación na Piscina Rosario Dueñas de Ourense, onde obtivo moi bos resultados cun Ouro en 100m mariposa, Ouro en 100m espalda, Prata en 100m libres e Bronce en 200m espalda. Iago Soler, de 13 anos compite na categoría Alevín 2005 e foi cedido polo Clube de Natación Codesal ao Clube Náutico de Vigo para participar nesta proba. Iago fixo neste cam-

pionato unha marca mínima que lle permitirá participar no Campionato de España en Sabadell do 19 ao 22 de xullo.

A promesa do atletismo Elsa Pena participaba en Badajoz no Campionato de España de Triatlón Escolar e Autonomías, acadando o Ouro xunto cos seus compañeiros de Galicia na categoría Cadete na proba de relevos mixtos, Ouro por equipos e Ouro en individual.

O atleta guardés Sergio Rodríguez participaba esta pasada fin de semana no Campionato Galego Abso-

luto de Atletismo, celebrado nas Pistas de Elviña da Coruña, onde acadou o Subcampionato Galego con 21.76, unha marca mínima que lle permitirá participar no Campionato de España Absoluto este mesmo mes en Getafe.



O Remo Robaleira no Campionato de España

O club de Remo Robaleira A Guarda participou no Campionato de Remo Olímpico celebrado en Sevilla-Cartuxa os días 6, 7 e 8 de xullo do que regresaron con medallas e uns magníficos resultados dos alevíns, infantís e cadetes do club.

Despois dun gran Campionato Galego de Remo Olímpico en Castrelo de Miño, no que o

club conseguiu tres medallas de ouro e tres de prata, chegou por fin o Campionato de remo olímpico de España.

O Club de Remo Robaleira viaxou a Sevilla con 11 nenos e nenas cheos de ilusión, que o deron todo. Os resultados foron dignos dalgúns dos mellores clubs de España (obtendo o posto 13, dun total de 64 clubs). Volveron con: a prata

de Neves do Carmen Silva Martínez en skiff alevín feminino, o bronce de Jacobo Rodríguez Guerreiro en skiff alevín masculino, o cuarto posto de Iago Martínez González e Afasto A. González González en 2 sen cadete masculino, o sexto de Anxo Vicente Álvarez en skiff infantil masculino, o noveno de Uxía Fernández Videira e Beatriz Anselmo Alonso en

dobre scull infantil feminino, e os magníficos resultados de Hugo Carrero Rodríguez en skiff cadete masculino, Ana Lago Saavedra en skiff cadete feminino, e Adrián Lenda Rodríguez e Mario Lomba Adrover en dobre scull cadete masculino, chegando a semifinais e cuartos de final. Foi un gran ano cheo de traballo e esforzo, non só por parte dos nenos, senón tamén grazas á paciencia dos adestradores, Francisco Javier e Arturo, e ao incansable



e desinteresado traballo de tres dos seus directivos, Silvia, Iria e Queima.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Proxecto Matdance no Concello de Ponteareas

Mercedes Prieto

Profesora de Danza e Investigadora en Ciencias da Educación

O proxecto MatDance é unha proposta pedagóxica que conecta dúas áreas de coñecemento: a Danza e a Matemática.

Por ser unha experiencia inovadora que relaciona o Arte e as Ciencias, a concellería de cultura de Ponteareas, mostrouse interesada e incluíua na programación dos centros culturais de Santiago de Oliveira, San Mateo, Guláns, Bugarín, Cristiñade, Moreira, Xinzo e na biblioteca de Ponteareas.

O MatDance, púxose en marcha en Febreiro e rematou en Xuño do 2018, abarcando un universo de 122 nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e 12 anos. Durante este tempo realizáronse 85 sesións con unha hora de duración, financiadas na súa totalidade polo concello. Por ser unha actividade gratuíta para as familias, tornouse unha experiencia inclusiva na que nenas e nenos de diferentes niveis educativos puideron realizar conexións creativas entre a Matemática e a Danza no seu tempo extraescolar.

A orixe desta proposta xorde na continuidade dunha tese de doutoramento realizada na Universidade de Évora, Portugal, por Mercedes Prieto. A experiencia levouse a cabo

nunha clase de 3.º de primaria durante un ano lectivo. Esta pesquisa tiña como obxectivo global, comprender o potencial das conexións entre a Danza e a Matemática e en particular analizar en que medida os alumnos, desenvolven o sentido espacial utilizando representacións múltiples que xorden da resolución de tarefas matemáticas asociadas a práctica da danza. As conclusións do citado estudio demostraron que os alumnos entendían as relacións entre a Matemática e a Danza o que facilitou a comprensión de conceptos abstractos e a súa aplicación.

A localización e a orientación espacial, así como as representacións dos esquemas das formacións espaciais e das figuras danzadas que implicaba medidas, foron ben conseguidas. Tamén evidenciaron a comprensión de transformacións xeométricas aínda que non todos identificaran as simetrías de reflexión e rotación. Outros resultados foron a importancia que os alumnos atribuíron ao seu enriquecemento cultural por aprender novas músicas e danzas que eran descoñecidas para eles. Tamén foi significativo para os alumnos, ter a oportunidade de aprender a bailar xuntos, nun ambiente emocionalmente positivo, o que lles deu maior confianza e moita ledicia.

O MatDance, ten a finalidade



fig. 1: Identificando ángulos



Fig. 2: Saltando sobre os lados



Fig. 3: Por debaixo da arañeira

de que a aprendizaxe da Matemática se faga pola experiencia sensorial en particular pola sensorio-motora con exercicios e coreografías de danza tradicional internacional, ritmos, cantigas e danza creativa. Desta forma, pretendemos que os alumnos comprendan que a Matemática é unha asignatura útil e con sentido, que serve para comprender e aplicar na realidade, en diversas situacións como na realización dunha coreografía dunha danza. Esta proposta entre disciplinas pretende por en valor a danza como potenciadora fundamental de capacidades físicas, sociais e culturais (Alves, 2013; Nbusi, 2011). Por outro lado, a danza vai axudar aos alumnos a vivenciar de forma concreta, conceptos abstractos da Xeometría, a exploración de números e operacións, combinacións, teorías de grupos e a simbolización (Watson, 1990). Esta metodoloxía de ensino é inclusiva, estando especialmente indicada para aqueles cativos que teñen máis competencias a nivel das actividades cinestésicas e musicais (Gardner, 2000).

A modalidade de danza que utilizamos na investigación con maior frecuencia como contexto que proporcionaba problemas e conceptos matemáticos, foi a danza tradicional. Este estilo de danza é especialmente interesante por pre-

sentar estruturas de composición tanto musical como coreográfico que faculta a exploración de contidos da xeometría, dos números e operacións. Tamén consideramos moi importante os valores que se transmiten nas danzas do mundo como son a solidariedade, a tolerancia e a unión (Alves, 2013; Nbusi, 2011). A outra modalidade de danza que utilizamos foi a danza creativa ou danza educativa por diversos motivos. Escollemos a danza educativa pois de acordo con Rudolf Laban, o grande impulsor da danza na escola, esta actividade favorece o desenvolvemento da creatividade e das capacidades motoras nos nenos. Ademais o seu potencial é recoñecido por diferentes autores por favorecer o crecemento armonioso e un desenvolvemento global por ser un xeito de autocoñecemento debido aos procesos de exploración, interpretación e reflexión (Laban, 1978; Leandro 2015; Monteiro, 2007).

No MatDance de Ponteareas, o contexto non era o formal da escola senón consistía nunha aprendizaxe informal no salón ou xardíns dos excelentes centros culturais do municipio. Mais de cen crianzas exploraron cos seus corpos as direccións, planos, e traxectorias de bailes e xogos para traballar conceptos de xeometría, medida e aritmética. As sesións co-

mezaban cunha clase de baile na que se preparaba o corpo e a mente con un levantamento, despois traballábanse diferentes temas como por exemplo o dos días da semana e nunha segunda parte da sesión realizábase unha tarefa escrita. Esta parte final traducía os conceptos abordados a través do movemento corporal para a linguaxe formal da matemática.

Formas curvas, os segmentos de recta paralelos, as figuras xeométricas como o triángulo, o cadrado, o pentágono, a circunferencia estaban presentes en actividades como a da arañeira (Fig. 1, 2 e 3).

A sesión da arañeira consistía en construír con trapillo unha tea que serviu para xogar co obxecto creado pisando os segmentos de recta, pasando por enriba e por baixo dos fíos sin tocarlles, saltar sobre os lados dos triángulos formados, identificar diferentes figuras xeométricas ou medir distancias entre dous puntos por exemplo. Estas actividades deronlles referencias para representar activamente cos seus corpos no espazo os ángulos, as formas, os volumes, os tamaños dos pés e outras partes do corpo, de forma individual, parellas ou grupo. Tamén serviu para realizar unha tarefa matemática na que había que representar sobre o papel a outra escala a arañeira creada (fig.



Fig. 4: Representación da arañeira




Fig. 5: Tarefa matemática de AP.

PONTEAREAS

...ven da páxina anterior

4) pintando de cores diferentes as figuras xeométricas que se atopaban e resolver algúns problemas (fig. 5).

Os múltiples xeitos de representación dos diferentes conceptos de xeometría polos que pasaron, fixeron que comprendesen mellor a orientación e posición espacial. De acordo con Goldin e Shteingold (2001), as representacións teñen o poder de facilitar o acceso a ideas, procedementos ou relacións de natureza abstracta que son de difícil comprensión.

Tamén os números e as operacións como as sumas, as restas, ou as multiplicacións e divisións. A medida de distancias con diferentes instrumentos, ou a medida do tempo como os segundos, os minutos, as horas e os días da semana estiveron presentes nas sesións do MatDance. Estes contidos non son ningunha novidade

pois constan nos programas de Matemática esixidos polo Ministerio de Educación, e son os que aparecen en todos os libros e manuais. A novidade foi o xeito de presentar estes contidos a través de bailes e xogos de grupo, pares, tríos ou individuais. O xogo das sardiñas, o chotis ou os esqueletos, son algunhas das actividades expresivas que lle deran un contexto real e con significado facendo da Matemática unha área de coñecemento útil para a vida.

O contributo da Matemática na aprendizaxe da danza tamén se verifica. De acordo con Laban (1978) e a súa teoría do movemento, o espazo que ocupa o bailarín e a súa relación cos outros está centrado nunha figura xeométrica próxima da esfera: o icosaedro. Esta esfera que denominou como kinesfera, define o límite natural do espazo do corpo.



Fig. 6: Medindo e debuxando en equipo



Fig. 7: Montando un cubo entre todos

Deste xeito os lados e ángulos do icosaedro, delimitan as posicións das extremidades e as direccións do movemento. A Matemática axuda a bailar mellor porque nos axuda a comprender os ritmos da música, xa que son secuencias numéricas (Moura, 2007) e a crear novas coreografías e traxectórias de outras danzas co recurso dos símbolos matemáticos (Spanghero, 2014). Así o pui-

demostramos practicar co chotis galego que transformamos cambiandolle a letra da cantiga e a formación espacial. Como exemplo, o traballo de Claudia, unha alumna de Xinzo que inventou unha letra para bailar un novo chotis en tríos que di: "seis por seis, son trinta e seis, quitolle vinte e quedanme dezaseis".

O alumnado do MatDance en Ponteareas respondeu de

maneira moi entusiasta a esta proposta e demostraran sempre moita motivación e interese. Tamén é de louvar o traballo colaborativo que se estableceu entre os alumnos con diferentes capacidades cognitivas, recoñecendo o traballo de grupo, un dos puntos fortes deste proxecto. Na figura 6, os cativos de S Mateo están medindo e debuxando obxectos xeométricos para crear unha cidade. A figura 7, ilustra o traballo cooperativo dos rapaces e rapazas de Moreira que se empeñaron a fondo na construción con trapillo, de un cubo con un metro de lado.

Para finalizar este artigo, restame apenas agradecer ao concello de Ponteareas, en particular a Hortensia Bautista, por darme esta oportunidade de levar ata as diferentes parroquias de Ponteareas este proxecto.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Ana Moura e Maria Emília nas Noites de Fado 2018 em Cerveira

O palco da 'Vila das Artes' apresenta, dia 21 de julho, Maria Emília com Miguel Ramos e, a 28 de julho, Ana Moura. Dois concertos onde o fado é 'fatum', e o público aplaudirá a aposta na revelação e no reconhecimento. Bilhetes para as 'Noites de Fado' 2018 já estão disponíveis na Loja Interativa de Turismo, a 5 e 8 euros, respetivamente.

Em julho, Vila Nova de Cerveira é cenário da música do mundo que é portuguesa, o Fado. Classificado como Património Imaterial da Humanidade, o Fado canta os encontros e desencontros da vida que são tema infinito de

inspiração. O momento torna-se perfeito, quando os artistas atuam num ambiente intimista e de interação com o público, e que Cerveira sabe tão bem recriar.

Para a primeira Noite de Fado, dia 21 de julho, o palco do Auditório Municipal de Vila Nova de Cerveira recebe uma voz límpida e luminosa, que canta o fado como quem respira e se sente em "Casa". Neste single de apresentação, Maria Emília demonstra o seu amor ao fado e às casas de fado onde nasceu para a música, cresceu e se fez fadista. Já atuou em diversos países como Brasil, Espanha, Suíça e Bélgica e, brevemente, será editado o

seu 1º álbum que a confirmará como uma das grandes revelações do fado. Para o concerto em Vila Nova de Cerveira, Maria Emília convida Miguel Ramos que, finalmente, apresenta o álbum de uma vida de fado, 'Aqui na Alma'. Esta será a combinação perfeita de quem é nascido do fado e no fado.

Para dia 28 de julho, a tradição e a contemporaneidade da distinta Ana Moura promete provocar uma explosão emocional instantânea ao coração de quem a ouve. Depois de 'Desfado' se ter tornado o álbum mais vendido de um artista português nos últimos 10 anos, Ana Moura regressa com 'Moura', disco que dá con-

tinuidade à sua parceria com o reputado produtor norte-americano Larry Klein. Continuando a trilhar um caminho que personaliza o seu fado como uma música aberta ao mundo e sintonizada com a contemporaneidade, Ana Moura é cada vez mais uma cantora incomparável e com esse talento raro de elevar uma música com enorme tradição à convivência próxima de um público vasto, de todas as idades.

Já se encontram à venda, na Loja interativa de Turismo de Vila Nova de Cerveira, os bilhetes para assistir às 'Noites de Fado' 2018, cujos concertos iniciam às 22h00, no Auditório Municipal.



Ana Moura



Maria Emília e Miguel Ramos

Rua do Porto, 7
36780 A Guarda
Pontevedra
Tel. 986 610468

**CASA ...en La Guardia
VALLADEIRO**

Restaurante
Marisquería

Bar - Restaurante

O'COUTO

COMIDAS CASEIRAS
ESPECIALIDADE EN EMPANADAS
COMIDAS POR ENCARGO
SERVICIO DE ULTRAMARINOS

T. 986 62 72 36
Ctra. de Camposancos, 110 - 36768 CAMPOSANCOS

Xeito
RESTAURANTE - MARISQUERÍA

ESPECIALIDADES
Pescados y mariscos
de la ría
Seguros de con vino
Entradas de lujo
Cordero a Astor
Coliflor de Jerusalén
Pastas caseras

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Tel. 986 610 474 - Móvil: 658 984 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)
SERVICIO DE TAXI: 675 412 661

Area Grande
restaurante - tapería - cafetería

Praia Area Grande, s/n - 36780 A Guarda (Pontevedra)
☎ 986 61 30 91

Todo un clásico de A Guarda, con más de 60 años a su servicio.
Comida casera y extensa carta de vinos.

Especialidades:
Pulpo con patatas
Estofado de Marisco
Rendido de la casa
Pescado de la costa

CASA CHURRO OVOS

A Roda, 24 - 36780 A Guarda **986 61 10 15**

Hotel Eli-MAR

Vicente Sobrido, 12
36780 LA GUARDIA
(Pontevedra)
Teléfono: 986 61 30 001
Fax: 986 61 11 56
elimarhotel@elimarhotel.com
www.elimarhotel.com

Todas las habitaciones con:

- Baño
- Teléfono automático
- Hilo musical y TV
- Calefacción central
- Agua caliente central
- Wi-Fi
- Aire acondicionado en Calefacción y Zonas comunes

TAPERÍA

ENXEBRE
VIÑOS · TAPAS · COMIDAS

Rúa Alfonso Martínez Peniza, 2 - 36780 A GUARDA (Pontevedra)
Tel: 986 176 476 - Móviles: 670 691 403 - 677 055 953

MASTER
CADENA

MASTER LA GUARDIA
986 611 973
C/. Manuel Alvarez, 20 - A GUARDA

www.mastercadena.es
laguardia@mastergalicia.com

**Seguimos ofrecéndoos
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítenos

EIXOATLÁNTICO
JORNAL GALEGO PORTUGUÉS EN GALICIA